**ANEXO III** 2021/CP/195

# CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

## AXUDA

AXUDA: ED431G 2019/01 – CITIC – Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia – Contrato financiado con cargo ás *Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia*, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do eixe 1 do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.3), nunha porcentaxe do 80%, e pola Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, nun 20% (Orde do 19 de setembro de 2019 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional).

CENTRO: CITIC – Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.
Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia. UDC.

OBXECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas da axuda de investigación que se indica.
Contratación dun/ha **investigador/a en formación**.

LUGAR E HORARIO: Edificio CITIC. De luns a xoves de 09:00 a 15:00 e de 16:30 a 18:30 e venres de 09:00 a 14:30 cun total de 37,5 horas semanais.

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo I

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador asociado ☐ * Investigador en formación ☒* Require matrícula programa doutoramento SUG
Técnico de apoio á investigación ☐ Axudante de apoio á investigación ☐
Técnico administrativo ☐ Axudante administrativo ☐

| | | | |
|---|---|---|---|
| XORNADA | Tempo Completo: ☒ | Tempo Parcial: ☐ | |
| DURACIÓN | 6 meses (ata 30/04/2022) | DATA APROX. DE INICIO | 01/11/2021 |

RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 1.368,50 €/mes incluídas pagas extra. COFINANCIADO CON FONDOS FEDER, EIXE 1 PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2.3

PARTIDA ORZAMENTARIA: **61.40.24.20.01.541A.649.02.00**

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

## REQUISITOS

TITULACIÓN: Estar matriculado nun programa de doutoramento do S.U.G. Véxase memoria da convocatoria.

EXPERIENCIA: Ver memoria da convocatoria

**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*


| Código Seguro De Verificación | lp1ALUFZ0WmGGMazJV4gMw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Manuel Francisco González Penedo | Asinado | 02/08/2021 17:30:16 |
| Observacións | | Páxina | 1/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/lp1ALUFZ0WmGGMazJV4gMw== | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: MQRND5TTSUH5QD0KKAGG5NFB
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 12/08/2021 14:04:14 Página 1 de un total de 4 página(s).

| |
|---|
| REQUISITOS: Os requisitos deben terse cumplido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes. |

## LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

| |
|---|
| LUGAR: Enviar documentación (copia DNI, copia titulación académica, copia expediente académico, CV e documentación xustificativa dos méritos) por correo electrónico a rrhh@citic-research.org (CC/ thais.pousada.garcia@udc.es), indicando no asunto **a referencia do contrato (2021/CP/...) e o nome da persoa candidata.** |
| PRAZO: Ata o 5 de outubro de 2021, inclusive. |

## ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

| |
|---|
| ÓRGANO: Manuel F. González Penedo (Director do CITIC) e Thais Posada García (investigadora responsable de la liña de traballo). |
| LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Na web do CITIC en: https://citic.udc.es/gl/emprego/ |

**A Coruña, 02 de AGOSTO de 2021**

**O INVESTIGADOR PRINCIPAL**

**Asdo.:** Manuel F. González Penedo

**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*


Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: MQRND5TTSUH5QD0KKAGG5NFB
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 12/08/2021 14:04:14 Página 2 de un total de 4 página(s).

| Código Seguro De Verificación | lp1ALUFZ0WmGGMazJV4gMw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Manuel Francisco González Penedo | Asinado | 02/08/2021 17:30:16 |
| Observacións | | Páxina | 2/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/lp1ALUFZ0WmGGMazJV4gMw== | | |

# MEMORIA

## TAREFAS A REALIZAR

O Centro de Investigación de Galicia CITIC está formado por máis de 150 investigadores. No marco das *Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do SUG*, contémplase a realización de varios proxectos e a captación de persoal cualificado para levar a cabo as tarefas derivadas dos devanditos proxectos.

As tarefas para realizar dentro do proxecto de investigación relacionado con este contrato enmárcanse na área de investigación do CITIC de Intelixencia artificial, e son as seguintes:

1) Apoio e colaboración no proceso de desenvolvemento de escenarios de realidade virtual específicos para o adestramento de persoas con discapacidade na tecnoloxía de apoio.
2) Colaboración no desenvolvemento da tecnoloxía robótica, apoiando o traballo técnico realizado desde a Universidade de Alcalá de Henares.
3) Colaboración na implementación do sensor multimodal a través de dispositivos wearable, que permita monitorar os sinais bioeléctricas e biomecánicas da actividade da persoa usuaria da tecnoloxía de apoio.
4) Asistencia técnica e colaboración na elaboración de informes para difundir os resultados do proxecto.
5) Apoio e asistencia técnica na análise de datos derivados do desenvolvemento do proxecto.

## XUSTIFICACIÓN DURACIÓN DO CONTRATO

A duración para estas tarefas estímase en seis meses, cunha dedicación a tempo completo.

## REQUISITOS DOS CANDIDATOS E CRITERIOS DE SELECCIÓN

**Requisitos**

- Estar matriculado nun programa de doutoramento.

**Criterios de selección (valoración sobre 100 puntos)**

- **Titulación académica: máximo 30 puntos.**
  *Nota media do expediente. Máximo 10 puntos.
  *Realización do Traballo de Fin de Grao/Master relacionado coa aplicación de solucións informática e de realidade virtual para persoas con discapacidade (acreditado por título, resumo e cualificación obtida)= 5 puntos/ TFG/TFM. Máximo 10 puntos.
  *Titulado/Estudante de mestrado no ámbito das tarefas realizadas no proxecto (Mestrado universitario en Enxeñería Industrial e Robótica) =10 puntos.
- **Experiencia previa: máximo 25 puntos.**
  *Participación previa en contratos/proxectos de investigación no ámbito das TIC aplicadas ao ámbito social= 2 puntos/proxecto (máximo 10 puntos).
  *Colaboración con entidades sen ánimo de lucro en tarefas relacionadas co desenvolvemento do proxecto (demostrable con carta de apoio asinada pola entidade)= 1 punto/mes colaboración (máximo 10 puntos). *Establécese este criterio de experiencia porque o desenvolvemento tecnolóxico do proxecto implica a participación de persoas con discapacidade. O grupo de investigación ten asinados varios convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro*

**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*


| Código Seguro De Verificación | lp1ALUFZ0WmGGMazJV4gMw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Manuel Francisco González Penedo | Asinado | 02/08/2021 17:30:16 |
| Observacións | | Páxina | 3/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/lp1ALUFZ0WmGGMazJV4gMw== | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: MQRND5TTSUH5QD0KKAGG5NFB
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 12/08/2021 14:04:14 Página 3 de un total de 4 página(s).

*representantes de persoas con discapacidade, como COGAMI ou COCEMFE Castela León, que se implicarán nas diferentes actividades do proxecto.*
*Experiencia laboral no ámbito TIC= 0,3 punto/mes (máximo 5 puntos).

- **Coñecemento de inglés** (máximo 5 puntos). B1=2 p, B2=3 p, C1=4 p e C2=5 p.
- **Outros méritos** non considerados nos puntos anteriores. Valorarase formación ou experiencia adicional (cursos, prácticas, xornadas, etc.) relacionados coa temática do proxecto: 1 punto por curso/xornada (máximo de 15 puntos).
- **Entrevista persoal** (máximo 25 puntos): Entrevista persoal cos candidatos con maior puntuación nos apartados anteriores, sempre que superen os 40 puntos no resto dos criterios.

No caso de non existir ningunha persoa candidata con puntuación superior a 60 puntos o posto quedará deserto.

## NORMAS DE PUBLICIDADE

O contrato adecuarase ás instrucións de publicidade da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade – Xunta de Galicia, establecidas para as *Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do S.U.G.* (convocatoria 2019).

Debe levar no anverso un selo no que se indiquen as seguintes circunstancias:

a. Logo da Unión Europea
b. Logo da Xunta de Galicia

Debe levar as frases "*Subvencionado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade*" e "*Cofinanciado nun 80% polo FEDER, no marco do eixe 1 do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020 (obxectivo específico 1.2.3), no marco das Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia*".

Farase mención expresa a:
- Nome da unidade de investigación: ***Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC***) e á súa condición de ***Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia.***
- Convocatoria: ***Orde de 19 de setembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia (DOG 25/09/2019).***

En cumprimento das instrucións de Publicidade da Xunta de Galicia, os beneficiarios obrigatoriamente deberán dar publicidade da orixe do financiamento da actividade subvencionada, facendo referencia expresa en todas as publicacións, charlas, comunicacións, etc. que a persoa candidata produza durante o período de contratación, coa inclusión do seguinte texto:
"O CITIC como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia é financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) cun 80%, Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020 e o 20% restante da Secretaría Xeral de Universidades (Ref ED431G 2019/01)."

**A Coruña, 02 de AGOSTO de 2021**

**O INVESTIGADOR PRINCIPAL**

**Asdo.:** Manuel F. González Penedo

**Documentación que debe presentar o solicitante:**

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicados CCOO e CIG*


| Código Seguro De Verificación | lp1ALUFZ0WmGGMazJV4gMw== | Estado | Data e hora |
|---|---|---|---|
| Asinado Por | Manuel Francisco González Penedo | Asinado | 02/08/2021 17:30:16 |
| Observacións | | Páxina | 4/4 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/lp1ALUFZ0WmGGMazJV4gMw== | | |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: MQRND5TTSUH5QD0KKAGG5NFB
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 12/08/2021 14:04:14 Página 4 de un total de 4 página(s).